


OFERTA ESCOLAR PARA O CURSO 2019-2020

IMOS
Á LÚA



CASA
DAS CIENCIAS



APRENDEMOS
A COMER



DOMUS



FALAMOS
DE SEXO



AQUARIUM
FINISTERRAE



EXPOSICIÓNS

Exploratorium. Descubre sucesos sorprendentes, investiga efectos curiosos, aprende a facer as túas propias preguntas e a buscarlles resposta. A sala de módulos interactivos permite a manipulación directa de fenómenos relacionados coa luz, as ondas sonoras, a tensión superficial, o movemento circular ou as forzas magnéticas.

A astronomía como cha contan. Meteoritos, fósiles de dinosauro, fragmentos dunha nave espacial soviética ou dos paneis do telescopio espacial Hubble forman parte desta exposición sobre a maneira en que aprendemos astronomía nos medios de comunicación.

Puro Swing. Unha mostra sobre péndulos cos que facer música, bambolearse ou sentir no teu corpo as propiedades dos sistemas caóticos. E unha explicación do funcionamento do botafumeiro que poderás comprender.

PROGRAMAS DE PLANETARIO

Novo!!

Lévame á Lúa

Algúns fitos científico-tecnolóxicos deixaron pegada na historia da humanidade. Durante o 2019 celebramos o cincuenta aniversario da chegada do ser humano á Lúa cun novo programa para profundar no coñecemento do astro ao que seguramente máis miramos do noso ceo.

Astronomía en directo

Unha sesión que comeza coa explicación dos astros máis notables que se poden ver no ceo no día da visita. A continuación invítase a formular preguntas nunha conversa ilustrada con todos os recursos audiovisuais do planetario dixital.

A noite é necesaria

A oferta escolar mantén este programa sobre os efectos da excesiva iluminación das nosas cidades, desde a perda do ceo nocturno ata o seu impacto sobre a factura da iluminación pública, os ecosistemas nocturnos ou a nosa propia saúde.

Dispoñemos doutros programas que poderás elixir no momento de formalizar a reserva.

EXPOSICIÓNS

Novo!!

Bocados. Nova sección sobre a nutrición e os obxectivos de desenvolvemento sostible. Unha boa nutrición constitúe a base para garantir o benestar e o potencial humano. Non é só un produto do desenvolvemento, senón tamén a semente que posibilitará un futuro mellor. O reto é pensar en global e actuar en local para a transformación cara a unha nutrición e un mundo máis sostible.

Xogo de neuronas. Unha exposición interactiva sobre a intelixencia humana para que poñas a proba as túas capacidades lóxicas, motoras ou artísticas.

Claqueta científica. Programa audiovisual que invita o público escolar a descubrir o cinema que produce quen traballa en ciencia. Cada mes poderedes asistir a unha selección de tres vídeos de divulgación científica. É unha actividade gratuíta duns 20 minutos de duración.

PREMIO LUIS FREIRE DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA NA ESCOLA. Pretende fomentar o interese pola ciencia e a formación en actitudes científicas, e premia os traballos que se distinguen pola súa orixinalidade e rigor e que demostren sentido crítico, curiosidade e constancia.

OBRADOIROS

Unha diversidade de obradoiros para que reserves os que mellor se adapten ao teu interese, planificación e nivel educativo do alumnado.

maker@domus

Este espazo permite experimentar a cultura “maker” e facer tecnoloxía con materiais sinxelos e moita imaxinación. Unha oportunidade para “pensar coas mans” con estes obradoiros:

Circuitos Domus: Experimenta con baterías, lámpadas, timbres, interruptores e moitos outros compoñentes eléctricos, para comezar a comprender o mundo da electricidade.

Robots garabateadores: inventa o teu propio aparello de motor que se move das formas máis inesperadas e debuxa trazos increíbles.

Laboratorio Aberto

Un espazo para vestir a bata de laboratorio e manexar os instrumentos que empregan as/os científicas/os para realizar algún dos seguintes obradoiros:

Investiga a vacina do VIH
Como se desenvolven os fármacos?
Artistas da prehistoria

A revolución biotecnolóxica
Disecións en directo
ExploraDomus Escola

EXPOSICIÓNS

Novo!!

Sexo azul. É a nova exposición temporal da Sala Humbolt. A través de acuarios, murais gráficos, elementos interactivos, instrumentos científicos, pezas e pantallas táctiles preséntase a curiosa e divertida reprodución dos organismos mariños.

OceanoSfera. Trátase dun proxector esférico no que se simulan fenómenos naturais que suceden a escala global (cambio climático, sobrepesca). Este curso presentaremos un novo programa para educación infantil sobre a reprodución dos seres acuáticos.

Fotografía de natureza. EO contido da sala Isabel Castelo renóvase con exposicións de fotografías de natureza. Este curso presentaremos a European Wildlife Photographer of the Year 2019.

Lembra que podes reservar unha **visita guiada** ás exposicións se o teu alumnado é de Educación Infantil e Primaria.

ACTIVIDADES

Unha diversidade de actividades para diferentes niveis educativos:

Actualidade Mariña

Poderás solicitar unha charla sobre temas científicos relacionados co océano (contaminación, cambio climático, extinción de especies etc).

Charca das Caridas

Obradoiros experimentais sobre aspectos curiosos da bioloxía dos peixes e invertebrados mariños do acuario.

Alimentación de focas

Se a visita coincide co momento en que se lles dá de comer ás focas, pódese participar nas charlas sobre as características destes mamíferos mariños e sobre o adestramento veterinario.

Alimentación de tiburóns

O público escolar que visita o Nautilus recibe explicacións sobre a alimentación das quenllas e sobre a identificación e curiosidades doutras especies.

Zona técnica

Existe a posibilidade de reservar visitas guiadas para grupos de 10-15 persoas aos laboratorios, salas de filtración e corentenas do Aquarium.

Este curso realizarase o **XXV DÍA DA CIENCIA NA RÚA**, unha feira da ciencia na que o alumnado e o profesorado de centros educativos preséntalle ao público actividades e experiencias científicas